



HOMENAXE A GUSTAV HENNINGSEN

(1934-2023)

GUSTAV HENNINGSEN (Slagelse, 1934 – Lyngby, 2023), folclorista e antropólogo histórico, investigador (1962-2003) do Danish Folklore Archives (Biblioteca Real, Copenhague). No 1962 realiza o seu Magister Artium pola Universidade de Copenhague sobre crenzas bruxerías contemporáneas nunha comunidade danesa (Henningesen, 1995): “The Catechism of Witchlore in 20th Century Denmark”, en The XIth ISFNR Conference. Mysore, India. En 1981 defendeu a súa tese de doutoramento, baixo o título de The witches' advocate. Basque witchcraft and the Spanish Inquisition (1609–1614) (Reno, University Nevada Press), traducida a cinco idiomas; versión española: El abogado de las brujas. Madrid, Alianza, 1983, 2010.

No último ano da súa longa estadía en España, Henningesen comezou unha análise tipolóxica dos resumos nas relacións de causas de todos os tribunais da Inquisición española (1540-1700). Un proxecto que habería de revolucionar a investigación internacional na área (Henningesen, 2010): “Andanzas por España de un 'inquisidor a la moderna de raza nórdica’”, en Huarte de San Juan. Geografía e Historia 17. pp. 434-437.

Parte da súa xenerosa contribución á investigación son as súas doazóns. Así, en 2009, o matrimonio Rey-Henningesen doan todos os orixinais das súas grabacións sonoras ao Instituto da Lingüa Galega, en 2019 o Fondo Fotográfico ao Museo do Pobo Galego e, en 2020, o seu Fondo Bibliográfico e Documental á Universidade Pública de Navarra.

A nosa humilde homenaxe polo seu pasamento queda reflectida nesta breve escolma que realizamos a partires da primeira exposición que se elaborou cos seus materiais, “Galicia Máxica I: Reportaxe dun mundo desaparecido”.

Na **entreplanta** do Museo poden verse as seguintes **fotografías**:

- Entrevista na cociña dun labrador. Gustav Henningsen é o primeiro pola esquerda. Foto Javier Rey, 3 de outubro de 1966 (San Paio de Buscás, Ordes).
- Dous homes elaborando zocas en Achán (San Pedro de Ardemil, Ordes).
- Queimando a restreba no monte para a posterior semente do trigo. (San Pedro de Ardemil?, Ordes).
- Labradora co arado e o xugo a costas (San Pedro de Ardemil, Ordes.)
- Os donos dunha casa en Rodas (San Pedro de Ardemil, Ordes) coa súa nova colleita de patacas.
- Sesión de contos arreo da lareira na casa de Varela. (Santo André de Lesta, Ordes)

Tiras fotográficas

“A sombra ao monte”. Outro método de quitar a sombra consistía en meter o neno debaixo dun seirón e deixar saltar as ovellas por riba. Así mo demostraron dous fillos da casa de Manuel en Xenarde (San Pedro de Ardemil, Ordes). En último lugar debe ir o carneiro. Ao final pode saír o neno.

Nena de oito anos demostrando como cura as picaduras coa súa **“pedra do ponzoño”**. (Ourense?)

A pá de pan posta fóra para protexer a casa contra os lóstregos.

.....



Adiviñación con tesoiras e cribo, máis un peite e unha moeda antiga: “un patacón”: “Se a meiga foi fulana, ¡vire! Se non foi ela, ¡estate quieto!” (Uzás, San Paio de Buscás, Ordes)

A outra casa da zona de Santa María de Bardaos (Tordoia) ía a xente en busca de “**auga de helicornio**”, remedio universal contra toda clase de meiguería. A filla recolle auga da fonte. Segundo a crenza, o que vai buscar “auga de helicornio” ten que ir e volver en silencio. Por iso, o encontro entre a filla da casa e o home desenvólvese todo por xestos.

Despois de dar nove voltas coa “reliquia” somerxida no cazo, verte a auga recentemente bendicida na botella que trae o home. Ao volver á súa casa, todos os moradores e animais serán espaxados coa auga milagrosa e a persoa ou o animal enfermo será lavado “ao revés”. Nótense as medallas na man esquerda da rapaza.

Unha filla da casa buscaba auga nunha fonte especial e nesa auga somerxía unha “reliquia”, ou sexa, dúas medallas de prata que tiñan un cacho de unicornio incrustado. En realidade era un cachiño de corno de cervo.

.....

Xesusa demostra como cura a **hidropie (hidropisía)**. Bótase un pouco de sal no fogar. Ponse a persoa enriba do sal. Despois, cun coitelo, trázase un círculo arredor dos pés. A continuación fanse cruces co coitelo por todo o corpo do enfermo, por diante e por detrás, ao mesmo tempo que se repiten as “palabras”:

Adropa, adropiú,

te corto, te saco.

Polo poder de Deus e a Virxe María.

Un Pai Noso e unha Ave María

Segundo me explicou a curandeira, o paciente tiña que estar descalzo e os días do tratamento tiñan que ser domingo, martes ou venres. Un veciño da mesma parroquia contábame como lle fixeran o mesmo ritual estando el descalzo enriba da pa do pan (San Paio de Buscás, Ordes).

Rosalía demostra co seu marido como ela “**levanta a paleta**”: primeiro mide se os brazos son igual de longos. Logo tira forte dos brazos ata cruzalos totalmente. Finalmente volve medir para ver se colocou ben o ombro (San Paio de Buscás, Ordes).

Curando a ictericia: a curandeira leva ao enfermo ata unha fonte “que nunca seque”. Alí faino sentar coas mans e os pés cruzados e a cabeza cuberta cun pano branco. Nun vaso colle auga da fonte. A continuación a curandeira traza nove círculos ao redor da cabeza mentres recita unha longa fórmula máxica. Despois derrama a auga sobre as mans e os pés do paciente. (San Paio de Buscás, Ardemil).

Unha vella en A Calle (San Xulián de Poulo, Ordes) demostra como “**levanta o fogardente**” (**a rubéola**) cun anaco de touciño envolto nun trapo vermello. Primeiro tócase a cadea cun vulto vermello. Logo pásase pola parte afectada do enfermo mentres recita un ensalmo. Isto faise nove veces e ao final desenvolve o touciño e méteo nun burato da parede. A mesma vella tamén sabía como “**bendicir a decipela**” (**erisipela**) cun ramo de bieiteiro. Primeiro pasaba o ramo polo lume. Despois persignábase co ramo e logo fregaba o sabugueiro polo sitio inflamado ao mesmo tempo que dicía unha fórmula. Isto repítese nove veces “sen contar a última que non se conta”. Despois bótase o ramo ao lume e pásase o coitelo do pan polo sitio inchado.

.....

Curando un neno da “sombra”. Primeiro cóbrese un escano cun mantel branco. Nesa mesaponse nove “bocadiños” de queixo e nove anacos de pan. A continuación pasan a criatura “asombrada” nove veces por baixo desa mesa co seguinte diálogo máxico:



Museo do Pobo Galego

-Toma, María.

-Que me das?

-Unha asombrada.

-Eu a recibo sa e salva.

-Co poder de Deus e a Virxe María

A nai devolve a nena á curandeira. “A que pasa a criatura á outra”, explicoume a curandeira, “é a que cada vez ten que quitar un anaco de pan e queixo. As oito veces pásase o neno coa cabeza primeiro, igual dá que coa cara para arriba que para abaixo. A última vez pásase cara abaixo e cos pés primeiro. Despois botáselle o pan e o queixo ao can”.

De seguido cóase borralla do fogar por un cribo. Despois de coada, recóllese a borralla. Chegou a hora de lavar a nena para quitarlle a sombra. Lávase ao revés, empezando polos pés, ao mesmo tempo que se di:

¡Felipa, rapaza! [igual se é un neno]

coa auga do cu

lávoche a cara.

Co poder de Deus e a Virxe María

Agora mestúrase a auga do lavado coa borralla coada, e fíltrase a mestura cun trapo; apertando o trapo faise unha bola de masa. Ábrese con coidado a bola para examinar o seu contido.

Se se atopan pelos será sinal de que a enfermidade é “**sombra de cadela ou de gata en celo**”; se hai plumas é “**sombra de galiña choca**”; se hai unha mancha de sangue é “**sombra de muller menstruando**”; e se hai unha mancha negra é “**sombra de defunto**”. Noutra ocasión, a curandeira explicoume que despois de lavar a criatura había que poñerlle roupa limpa (tamén ao berce). A auga do lavado había que levala a unha encrucillada e derramala alí, indo por un camiño e volvendo por outro, e sen falar con ninguén.



**Museo do
Pobo Galego**

Fotografías

- Pasando o gando sobre as cinzas da fogueira de San Xoán, ás que previamente se lle debuxou unha cruz. O Vilar (Santa María de Ordes, Ordes).
- Lavando a cara coa “auga do San Xoán”. O Vilar (Santa María de Ordes, Ordes).